



**Redes por
una nueva
política
Educativa**

Decálogo

Ideas-Forza

**Documento de Bases para unha
Nova Lei de Educación**



DECÁLOGO

IDEAS-FORZA DOCUMENTO DE BASES PARA UNHA NOVA LEI DE EDUCACIÓN¹

1

Principios y finalidades

- a) A educación que queremos fundaméntase no principio básico do **dereito á educación desde o nacemento e ao longo de toda a vida**, así como nos principios de igualdade, laicidade, diversidade, inclusión, sustentabilidade, autonomía, convivencia, participación democrática, solidariedade, antiautoritarismo, coeducación. Cunha aprendizaxe cooperativa que sexa participativa, colaborativa e nunca competitiva, implicando na súa consecución a toda a comunidade.
- b) **As finalidades da educación que queremos**, priorizan a formación intelectual para comprender o mundo no que vivimos e participar na súa mellora; a formación para unha cidadanía responsable, crítica, solidaria e democrática nun mundo pluricultural; o desenvolvemento emocional e a procura do benestar persoal e colectivo da comunidade da que forma parte; a eliminación do sistema patriarcal e o fomento do respecto das múltiples identidades sexuais; a formación para o coñecemento, respecto e implicación na defensa do medio natural do que dependemos; o desenvolvemento da creatividade e da estética e o respecto profundo ás necesidades, os ritmos e a intimidade das persoas que implica a individualidade de cada nena e neno e o ofrecemento dunha resposta educativa axustada e á vez integral.

2

A educación como un dereito

Universalidade do dereito á educación en termos de igualdade e, por tanto, de gratuidade. O ensino público é o única que pode garantir que o dereito á educación sexa unha realidade asegurando a cohesión social:

- a) **Oferta suficiente de escolarización pública e gratuíta de 0 a 18 anos** que garanta que todo alumno e alumna dispoña dunha praza asegurada no sistema público, de titularidade e xestión pública.
- b) Supresión progresiva do financiamento público dos centros privados concertados. **Rede única de centros de titularidade e xestión pública** que, progresivamente, e de maneira voluntaria e negociada, integre aos centros privados concertados. Mentres tanto, nin un só concerto máis para o ensino privado e supresión inmediata de financiamento a centros que practiquen calquera tipo de discriminación ou non aseguren a gratuidade.
- c) Auditoría da escola privada e pública. Establecer maiores controis sociais e democráticos nos centros educativos e nos procesos de escolarización e esixir máis transparencia no funcionamento dos centros.

¹ Extraídas do “Documento de Bases para unha nova lei de educación. Acordo social e político educativo” (ver última páxina)

3

Educación Infantil, Primaria e Secundaria

Favorecer a escolarización temperá, universalizando unha oferta gratuíta de calidade, dando á Educación Infantil e Primaria a importancia que merecen como alicerces básicos de todo o proceso educativo e asegurando unha Educación comprensiva de atención personalizada en todos os niveis.

- a) **A educación Infantil:** Unha rede pública de centros educativos (non asistenciais), de titularidade e xestión pública, que cubra todas as necesidades de escolarización da poboación infantil (0 a 6 anos) reincorporando o primeiro ciclo da Educación Infantil nas lexislacións xerais do sistema educativo e abordando a unidade de escolarización dos nenos e as nenas de 0-2 e 3-5 de maneira conxunta.
- b) Rebaixar a **ratio** de alumnado por grupo ata alcanzar os valores recomendados internacionalmente e responder axeitadamente ás distintas necesidades do alumnado.
- c) Ampliar a dotación de persoal docente e doutros profesionais do ámbito educativo para reducir o número de escolares por grupo e por docente.
- d) Proporcionar servizos e recursos suficientes para que todo o alumnado reciba os apoios necesarios e progresar de acordo ao seu ritmo de maduración e aprendizaxe ao longo do ensino básico.
- e) Evitar a clasificación e selección temperá do alumnado e garantir unha educación integral, común e de igual valor para o alumnado. Na etapa de educación obrigatoria será única a titulación ao termo da etapa, sen prexuízo de contemplar a opcionalidade gradual en función de motivacións, que non impliquen agrupacións de grupo-clase homoxéneas.
- f) Establecer medidas de protección e promoción social, así como organizativas e curriculares no ámbito escolar contra o absentismo escolar.
- g) Só en condicións moi excepcionais recorrerase á repetición de curso no ensino obrigatorio. Antes de chegar á repetición proporcionar medidas de apoio e de reforzo educativo a quen amose necesidades específicas de aprendizaxe.
- h) Crear as necesarias pasarelas para lograr que, os e as mozas poidan incorporarse a accións formativas para alcanzar a certificación da educación secundaria obrigatoria e o acceso a calquera tipo estudo de forma accesible.

4

FP e Persoas Adultas

- a) **Formación Profesional:** Rede pública de centros integrados de FP cunha oferta pública de ciclos formativos adecuada e suficiente, que promova tamén perfís profesionais ligados especialmente ao benestar social e a sustentabilidade ambiental e non só ao interese inmediato empresarial.
- b) **Educación Persoas Adultas:** Estender a rede pública, dependente de Educación e non de Benestar Social, provista do persoal docente cualificado necesario para cubrir as demandas existentes.

5

Educación Inclusiva

Considerar a diferenza un valor, asignando os recursos necesarios a quen o necesite.

- a) **Gratuidade no acceso ao ensino:** A gratuidade do ensino básico incluírá a dotación aos centros públicos de libros, recursos, soportes tecnolóxicos e materiais didácticos que empregue o alumnado e o profesorado, así como a utilización do transporte escolar. Tamén incluírá as axudas, no seu caso, dos servizos de comedor, desprazamentos e residencia, xunto a bolsas salario para o alumnado que o necesite e evitar que os fillos ou fillas deban deixar os estudos para contribuír aos ingresos da familia. Gratuidade no acceso á educación postobligatoria non universitaria. Dotar de bolsas suficientes para o acceso a estudos universitarios de toda a poboación e reducir as súas taxas de forma inmediata. Tender á gratuidade total da educación pública, desde a primeira infancia ata a universidade.
- b) **Organización do centro e do currículo desde a inclusión:** docencias compartidas na mesma aula, flexibilidade de grupos, profesorado e outros profesionais que se axusten ás necesidades... Non segregar ao alumnado por capacidades, sexos, diversidade cultural, social... Formar ao profesorado para estas funcións e recoñecerlle o exercicio que supón realizalas.
- c) **O carácter plurinacional do Estado** español recoñecerá as peculiaridades de cada Comunidade Autónoma, con aspectos comúns e diferentes e coas súas propias leis de educación contempladas dentro do marco legal definido polas leis de ámbito estatal.
- d) Plan de medidas para favorecer o **éxito escolar de todo o alumnado** no ensino obrigatorio, concretando actuacións de apoio a quen presenta dificultades de aprendizaxe desde o momento en que se detectan. Incremento da dotación de recursos a zonas e centros con maior escolarización de alumnado con dificultades e/ou en desvantaxe social.
- e) **Contextos educadores:** políticas sociais activas, investimento social en experiencias educativas non formais que eviten a desigualdade, con políticas laborais e no sistema educativo que favorezan a conciliación da vida familiar e laboral e a formación integral das persoas ao longo da súa vida.

6

Currículo sen idearios particulares

- a) **Laico:** O carácter laico debe respectarse no conxunto do sistema educativo, que respecte a liberdade de conciencia, eduque sen dogmas e elimine toda forma de adoutramento do currículo escolar. En consecuencia, a relixión, nas súas formas confesionais, e os seus actos e símbolos deben saír do currículo e do ámbito escolar. Para iso derrogárase o concordato co Vaticano e elimináranse os acordos coas diferentes confesións que permiten a presenza do adoutramento relixioso nas aulas.
- b) **Para a vida:** Currículo que reúna e integre o coñecemento das ciencias e das súas aplicacións tecnolóxicas, as humanidades, as ciencias sociais, as artes, os saberes populares e os que compoñen a vida cotiá, de forma que sirva ao coidado das persoas, da natureza e da vida comunitaria... e que facilite a deliberación de problemas polémicos e axude a comprender o medio no que se habita para construír unha cidadanía informada e crítica.
- c) **Pluricultural:** O especial respecto da diversidade cultural e de idiomas das diferentes Comunidades Autónomas fai necesaria o recoñecemento da súa autonomía curricular fixada para os distintos ámbitos: estatal, autonómico e de centro. Así como configurar os currículos desde un enfoque intercultural

e inclusivo, potenciando tamén o recoñecemento dos idiomas e a cultura do alumnado proveniente de familias migrantes e de minorías nos centros escolares. Considerar o currículo desde unha perspectiva de xénero, ecolóxica e garante da diversidade sexual.

- d) **Integral:** O deseño do currículo e o seu desenvolvemento non se formulará en termos de listaxes de contidos “mínimos” cun abarrotado compendio de competencias, senón de forma global, integrada e complexa en termos de resolución de problemas, situacións sociais, ambientais e éticas relevantes. Concedendo suficiente relevancia á linguaxe musical, ao movemento corporal e á expresión artística. Substituíndo a compartimentación actual do coñecemento por unha proposta integral, flexible e interdisciplinar (ou globalizada) consensuada pola comunidade educativa e partindo das necesidades e intereses do alumnado, que empregue metodoloxías activas e participativas centradas no alumnado, incorporando o coñecemento que os alumnos e alumnas constrúen colectivamente e respecte os diferentes ritmos de aprendizaxe.
- e) **Adaptado ao contexto:** O currículo básico conterá os ámbitos ou áreas de coñecemento propios de cada etapa educativa, cunha ampla marxe para a súa adaptación e desenvolvemento por parte da comunidade educativa.
- f) **Que potencie o coñecemento aberto e compartido:** que teña en conta os novos usos sociais das TIC, o importante papel das redes sociais e as comunidades de software libre, para promover a cultura da colaboración e o coñecemento aberto. Cuestionando a hexemonía do libro de texto e favorecendo a creación de bancos de recursos didácticos e dixitais e axudas á implementación de proxectos curriculares e materiais alternativos en soportes diversos.
- g) **Non competitivo:** Non se realizarán probas externas que teñan como obxectivo a homoxeneización da aprendizaxe e a elaboración de ránkings, que conduzan á xerarquización de centros.
- h) **Ecolóxico:** Currículo ancorado no territorio, con actividades ligadas á contorna próxima e contidos ligados á sustentabilidade, o mantemento da vida e a ética ecosocial. Construír e adaptar os centros educativos reducindo a pegada ecolóxica e evitando malgastes enerxéticos. Crear espazos verdes educativos dentro dos centros, incluíndo hortos escolares, bosques “comestibles” e zonas arboradas non pavimentadas. Organizar sistemas de transporte sustentable aos centros educativos a pé e en bicicleta. Promover o consumo de alimentos ecolóxicos e locais nos comedores escolares.

7

Profesorado comprometido e recoñecido

- a) **Estatuto do profesorado** acordado cos sindicatos que estableza o marco das condicións de traballo dos docentes, elimine a precarización laboral fixando as obrigas do desempeño de tarefas que desbordan a xornada lectiva e que dea estabilidade docente para conformar equipos de traballo estables ao redor de proxectos educativos de centro. Reducir ao mínimo imprescindible a interinidade como sistema de provisión de postos docentes.
- b) **Formación inicial:** que garanta unha sólida formación pedagóxica e práctica que posibilite a atención diversificada a un alumnado cada vez máis diverso cun equilibrio e integración do coñecemento da materia, o coñecemento didáctico específico e os coñecementos xerais vencellados aos procesos de ensino-aprendizaxe. E todo iso no contexto de experiencias prácticas exemplares, onde cobren sentido e funcionalidade os compoñentes disciplinares da formación. Unha preparación que facilite a innovación

educativa nos centros, que promocióne o traballo en equipo e que fomente unha actitude positiva e creativa cara ás novas esixencias culturais e pedagóxicas. Todo iso nunha formación equivalente con graos e posgraos que garantan un corpo único de profesorado. Esixir a actualización do profesorado universitario que imparte a formación inicial.

- c) **Selección profesorado:** Seleccionar con maior rigor aos candidatos e candidatas á profesión docente con probas rigorosas que inclúan coñecementos profesionais e unha avaliación da inmersión á práctica guiada por titores seleccionados. Recoñecer nas bolsas de contratación e nas oposicións o tempo traballado e valorado positivamente como un dos factores fundamentais para o acceso á profesión docente. Isto irá acompañado de actuacións de control que permitan coñecer a súa competencia profesional docente.
- d) **Formación permanente:** unha parte obrigatoria e dentro do horario lectivo. Desenvolver institucións como os Centros de profesorado ou outras fórmulas que establezcan o desenvolvemento profesional docente e os programas de perfeccionamento. Crear redes virtuais e presenciais de profesorado nas que se sirvan da experiencia.
- e) **Carreira docente:** que garanta un sistema de incentivos profesionais e un modelo de promoción profesional que contribúa a un compromiso eficaz coa innovación e a mellora do ensino. O seu labor deben ser dignificadas, pero non con leis de autoridade que contribúen a xudicializar a educación.



Autonomía pedagóxica e participación educativa na organización escolar

- a) **Autonomía dos centros** na organización interna, pedagóxica e de uso dos recursos para axustarse á demanda, características e necesidades do seu alumnado e a contorna, a través das competencias dos Consellos Escolares, facendo que sexa ser o verdadeiro órgano de goberno dos centros, nun marco de equidade que garanta a non discriminación duns centros respecto doutros.
- b) **Autonomía pedagóxica** do profesorado e a dirección para desenvolver un proxecto educativo consensuado no seo da comunidade educativa, facilitándolles a regulación dos aspectos de xestión económica que respondan as súas necesidades e proxectos.
- c) **Lei de participación educativa** que contemple unha representación equitativa e proporcional de todos os sectores da comunidade educativa nos Consellos escolares de centro, nos municipais e autonómicos, volvendo ser o órgano de goberno dos centros, que á vez se abran a outros axentes sociais relacionados co proceso de socialización.
- d) Favorecer a cultura participativa desde os 0 anos. Promoción do **asociacionismo** e a participación democrática de estudantes e AMPAS.
- e) Articular mecanismos de **participación entre o profesorado e familias** na aula, cunha comunicación bidireccional, en atención ao interese superior do alumnado
- f) **Dirección representativa e colexiada**, voluntaria e renovable, cunha limitación no desempeño do cargo, representantes da comunidade educativa. Elixida democraticamente pola comunidade educativa do propio centro. Autónoma respecto da administración e sometida a rendición de contas ante a comunidade educativa. Fortalecer o liderado pedagóxico compartido. Os equipos directivos xestionarán as decisións tomadas polos órganos colexiados.

- g) **A comunidade educativa promoverá a participación**, o debate pedagóxico, o traballo en equipo e a cooperación dentro e fóra do centro, fronte a un modelo competitivo. Isto esixirá a reforma de horarios para a organización e desenvolvemento de reunións de coordinación e a creación de espazos que faciliten e fagan posibles eses encontros.
- h) **Integración do contexto social na dinámica educativa**: Fomentar a integración das organizacións sociais dos barrios na vida dos centros e promover os movementos sociais asociativos de AMPAS e estudantes.
- i) **Apertura de centros fóra do horario escolar ao contexto social**: Programa educativo para o tempo despois da escola, sen que signifique unha prolongación da escola, senón unha oferta rica en actividades formativas e culturais de interese.

9

Avaliación educativa para a mellora

- a) Utilizar a avaliación como instrumento necesario para mellorar os procesos educativos, atendendo á singularidade e ás necesidades de cada estudante.
- b) **As avaliacións externas** servirán para solicitar información sobre programas e políticas educativas que proporcionen un coñecemento público sobre o sistema educativo para a súa mellora. En ningún caso faranse avaliacións externas sobre o rendemento do alumnado que conduzan á estandarización dos coñecementos, a competitividade entre centros e as clasificacións.
- c) Os centros recibirán apoios para a realización de avaliacións que conduzan á mellora dos seus programas educativos, dando voz a todos os axentes da comunidade educativa nunha avaliación democrática. Así mesmo, fomentárase a cultura da autoavaliación individual do profesorado e colectiva dos equipos docentes.
- d) Os Servizos de Inspección Educativa desenvolverán funcións de asesoramento e apoio á comunidade educativa, tanto na súa tarefa diaria como nos procesos de autoavaliación.

10

Financiación garantida constitucionalmente

- a) A educación é un dereito fundamental que debe estar garantido por un financiamento orzamentario garantido suficiente do **7% do PIB**.
- b) **Constitucionalizar o PIB destinado a Educación** quedando recollido como chan do gasto en educación na Constitución.
- c) **Fondo de Compensación Educativa** para financiar actuacións que aseguren a equidade en todo o territorio no exercicio do dereito á educación desde a Educación Infantil ao Ensino Superior.
- d) **A gratuidade do ensino básico** incluírá a dotación aos centros públicos de libros, recursos e materiais didácticos que empregue o alumnado e o profesorado e o transporte escolar. Así como axudas, no seu caso, dos servizos de comedor.

Redes por unha Nova Política Educativa.

18/09/2017



Redes por una nueva política Educativa

Colectivos Sociales

Amesti Educació (Associació de Mestres Grup de Treball per la Infancia), Asamblea Marea Verde Madrid, Colectivo Infancia, Foro de Sevilla, Europa Laica, Junta de Portavoces de Educación Infantil, Mareas por la educación pública, Ciudadan@s en defensa de la Escuela Pública, Proyecto Roma, Plataforma Crida de las Illes Balears (madres, padres, estudiantes y profesorado), Círculo Podem Educació Catalunya, Asociación IncludE, Movimiento Cooperativo de Escuela Popular (MCEP), Plataforma por la Justicia Fiscal, CUPUMA, y Stop Ley Wert/La educación que nos une, conformada por los colectivos y plataformas: %ATTAC España, OXFAM Intermón, Confederación Estatal de Movimientos de Renovación Pedagógica, Plataforma en Defensa de la Educación Infantil 0-6, Ecologistas en Acción, Foro Mundial de Educación, Juventud Sin Futuro, Red IRES, Rosa Sensat, Yo Estudié en la Pública.

Organizaciones de Estudiantes

Sindicato de estudiantes, Federación de estudiantes progresistas del Estado, Colectivo Estudiantil Salmantino y Estudiantes en Movimiento.

Asociaciones de Nai e Pais

Confederación Española de Padres y Madres del Alumnado.

Organizaciones Sindicales

Federación de Enseñanza de Comisiones Obreras, Confederación Stes-intersindical y CGT Confederal.

Partidos Políticos

Partido Socialista Obrero Español, Izquierda Unida, Podemos y Esquerra Republicana.